

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. *Pel de lobo* é un libro moi doado de ler xa que se entende con facilidade e ademais é bastante curto. De feito eu lino en catro días, dedicándolle un anaco despois de cear. Eu diría que é un libro entretido, que está ben para pasar o rato, en ningún momento se me fixo pesado, pero non é que me gustara moito xa que é moi fantasioso, non é un deses libros que che fai pensar, nin tampouco me transmitiu sentimentos de mágoa, ou alegría coma si que sentín con *Camposanto*, por exemplo, xa que esa obra me gustou moito máis. Penso que está enfocado a rapaces un pouco máis pequenos, sobre todo pola fantasía que trata: feitizos, rapazas que se converten en lobos... polo argumento da obra en si. O final tampouco me sorprendeu. A personaxe que máis me chamou a atención foi Ana. Parece que o escritor identifica a Aurora como a irmá boa, a que se converte en..., mentres que Ana é totalmente diferente.... Gústame este personaxe porque se ve que ten as cousas moi claras, que ten moita forza, non lle gusta que a manden calar por ser muller, como fai o seu pai, berra para que a oian e di o que pensa, ela busca a igualdade, a liberdade, por iso quere ser ..., non porque sexa mala, senón porque neses tempos era a única maneira de sentirse libre... **(María)**

2. Este libro, gustoume moito, é un libro que me parece que está moi ben. O libro pareceume moi entretido, ten intriga aínda que mais ou menos polo medio xa se sabía quen eran os lobishomes. O personaxe que máis me chamou a atención foron as dúas irmás porque cada unha actuaba a unha hora ... O libro está moi ben e é moi fácil de ler. **(Leyre)**

3. É un libro bastante fácil de ler. Non presenta ningunha dificultade no léxico e ten unha lectura moi fluída. Pódese ler tranquilamente nun día sen ter que dedicar moitas horas. Penso que o tema que trata é un pouco fantasioso xa que agora non está moi de moda o dos lobishomes, aínda que non está mal para enteirarte das lendas galegas. Algo que lle falta ao libro é a descrición dos lugares e das persoas. Un exemplo disto é cando Xosé está escapando dos lobos e métese nun sequeiro, pois aquí eu non me entei de como era este sequeiro por dentro. Aínda así compréndese ben as situacións. Creo que o autor estivo acertado en canto á elección dos personaxes. O primeiro é Fulxencio, un cazador de lobos experimentado que non cre nas fantasías nin nos lobishomes xa que non lle fixo caso ao seu fillo cando lle dixo que o lobo da xente camiñaba a dúas patas (cousa que debeu ter en conta para atrapar antes aos lobos); o segundo é Xosé, fillo de Fulxencio, este é un rapaz que está comezando a aprender o oficio de cazador e que grazas á súa astucia logra acabar cos lobos da xente; o terceiro son dúas rapazas irmás, Ana e Aurora, que lle dan á lectura un toque de intriga moi doado; o derradeiro é o can de Xosé que se chama Bal, este toma importancia na parte final do libro cando decide ser libre eponse de parte dos lobos. O único fallo que lle atopo ao libro é que xa na metade deste intúes máis ou menos quen son os lobishomes e estás a segunda metade do libro esperando a que se confirme a sospeita. Pero se o miras dende outro punto o autor o debe de facer a propósito para que o libro teña máis tirón. En resumo, é un libro bo que se podería recomendar á xente para que o lese. **(Mauro)**

4. *Pel de lobo* é un libro moi lineal, quizais nalgunhas partes se faga aburrido e se canse a vista a lo lelo, pero aínda así lino nun par de días. O seu léxico é sinxelo, e enténdese moi ben. É un libro moi interesante sobre os nosos antepasados, as lendas sobre lobishomes e cousas fantasiosas e as diferentes curas para estes embruxos. Xosé que é o protagonista é un home que non é capaz de crer fantasías parecidas mentres que vive na súa casa, o seu pai Fulxencio é un bo cazador e lle ensinou ao seu fillo todo nas artes da caza. Fulxencio gaña a vida matando lobos en distintas parroquias galegas, xa que coñece moi ben os lobos. A noite na que o chamaron para ir a cazar os lobos de Incio tamén chaman por Xosé, cousa que sorprende a súa nai que intenta retelo pero sen éxito algún. Cando chegan a Incio ... A miña opinión sobre este libro é que é demasiado fantástico e aínda que fala da reivindicación das mulleres Aurora e Ana contra o seu pai, a maldición non me parece un tema moi acertado para un libro de lobishomes. Pero non está do todo mal, xa que parece que Xosé llo está contando aos seus netos. **(Andrea)**

5. Este libro de misterio e fantasía gustoume moito. Relata unha lenda, famosa penso en todos os lugares do mundo: a dos lobishomes. O que máis me gustou da obra foi como Fulxencio, cazador de lobos con moita sona coñecido en toda Galiza e pai do rapaz protagonista, non cree en lendas e non é capaz de resolver o misterio do comportamento anómalo dos lobos nunha aldea. Aparecen dous lobos máis grandes do normal e que se converten nos líderes da maada, axudándolles aos demais a conseguir alimento de forma moi eficaz. Estes dous lobos actúan como se foxen humanos e son imposibles de cazar. E este home non cre que fosen humanos nin cre no saber popular das lendas que contan a xente anciá da aldea. Simplemente cre que son máis fortes e rápidos de costume pero trabúcase... Logo estgán as dúas fillas do fidalgo que acolle aos cazadores na súa casa: Aurora e Ana. As nenas están maldicidas polo seu propio pai porque son dúas rapazas que votan pola igualdade da muller fronte ao home e non son submisas como a maioría de mulleres do rural de hai uns 40 anos. E por iso o pai sempre está a discutir con elas. Ao

final o rapaz ... O libro lese nun par de horas como moito e é entretido pero podes descubrir o final bastante pronto. Do 1 ao 10 eu daríalle un 9. (**Fernando**)

6. *Pel de lobo* é unha novela curta, cun léxico moi sinxelo e moi lixeira de ler. A historia, contada en primeira persoa por Xosé, mestura realismo con fantasía: así, o libro comeza cando un veciño do Inicio, Oreste, vai en busca de Fulxencio, o pai de Xosé que era un coñecido cazador, e mailo mesmo Xosé, para pedirles que o acompañen ata o Inicio, para que o axuden a rematar co problema que están tendo no seu pobo cos lobos. Isto, aínda que agora nos pareza un tanto fantasioso, poderíase considerar perfectamente normal ata fai uns cincuenta ou sesenta anos, pero a historia comeza a pórse máis fantasiosa cando chegan ao pobo, e os veciños comezan a contarles as historias dos lobos, insistindo nun que consideran o xefe da manda, que din que é xigante, inmortal e que ten a intelixencia dun home. A medida que segue o relato a historia comeza a pórse cada vez máis fantasiosa, pero tamén máis evidente, de feito, esa é a causa principal pola cal o libro non chegou a agradarme de todo, o feito de que as vinte páxinas de que chegasen o pobo xa saibas con case completa seguridade o desenlace da historia, a verdade é que foi bastante decepcionante. O personaxe que máis me gustou e desagradou ao mesmo tempo foi de Ana, por unha parte agradoume o seu papel coma muller, loitadora, de ideas claras, que non se deixa amedentrar e que non dubida en dicir en voz alta como son as cousas. Pero por outra parte tampouco se pode olvidar o seu papel ... En xeral, o libro gustoume bastante, e foime agradable e curioso de ler. En definitiva é un libro recomendable, xa que pola súa pouca amplitude a ningún lle custa nada lelo, e é bastante entretido. (**Antía**)

7. *Pel de Lobo* a verdade foi un libro que non me gustou moito. Sobre todo pola metade, aínda que si que hai que dicir que é moi curtiño e doado de ler, pero penso que eses temas de lobishomes xa non están de actualidade e resulta unha historia moi fantasiosa. Os dous primeiros capítulos o libro comeza moi ben contando o traballo do pai de Xosé e que fala de que ningún lobo se lle resiste e de como o veñen chamar porque nunha vila hai un que é imposible de cazar. Pero o libro empeora cando chegan á vila e os días que pasan alí porque non consegue o autor contalos coa suficiente intriga. Eu tamén como Mauro penso que lle faltan algunhas descrições, é aínda que vaxa a ser unha novela curta, por exemplo estender máis, para meterlle máis intriga aos momentos como por exemplo no que o lobishome está a punto de matar a Xosé. O final pola contra gustoume moito, e foi o bo que saquei do libro, porque se houbese tido un mal final me quedaría decepcionada, pero eu cheguei ao final sen decatarme de quen eran os lobishomes. Penso que se alguén quere ler un libro curtiño e que tampouco lle vaia a levar moito tempo este é o indicado, porque aínda que non encante non se fai pesado en ningún momento. (**Margarita**)